



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 716 Semana do 6 ao 12 de febreiro de 2107

## REFORMA LABORAL: CINCO ANOS DE PEORES EMPREGOS E SALARIOS E MAIOR DESIGUALDADE E POBREZA

*Dos 19 millóns de contratos en 2016, tan só 819.000 permiten vivir dignamente*

**Redacción.**- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, e a secretaria confederal, Isabel Araque, analizaron a situación do mercado de traballo tras o quinto aniversario da aprobación da reforma laboral, que se cumpriu hoxe, 10 de febreiro.

Desta forma, "aínda temos uns altos niveis de paro, con 4,5 millóns de desempregados, e hai 445.000 desempregados máis que en 2009. Ademais, a recuperación do emprego foi unicamente de carácter temporal. Dos 19 millóns de contratos en 2016, tan só 1,7 millóns son de carácter indefinido e 5 millóns foron de curta ou moi curta duración. Desta forma, do total dos contratos, só 819.000 tiveron a calidade suficiente como para garantir un nivel de vida digno para os traballadores", asegurou Araque.

Ademais, lembrou que "se consolida a parcialidade involuntaria, que aumentou 5 puntos desde 2011; expulsouse do mercado laboral aos mozos e aos maiores de 55 anos; o

enquistouse o paro de longa duración, con máis de tres millóns de persoas en desemprego máis dun ano; devaluáronse os salarios en 5,3 puntos desde 2009; e aumentaron os niveis de desigualdade e pobreza", entre outras cuestións.

Neste sentido, Gonzalo Pino sinalou que esta reforma "o único que tentou foi sacar aos sindicatos da participación na repartición da riqueza do noso país. A recuperación económica só levou ás empresas a aumentar os seus beneficios, mentres que as rendas dos traballadores diminuíron ano a ano".

"Esta reforma é a gran causante da aparición da figura do traballador pobre", "ese traballador que aínda tendo un emprego non consegue saír do limiar da pobreza; e a gran sustentadora das empresas multiservizo, que desregulan as condicións de traballo".

Por todo iso, esixiron a derogación da reforma laboral, "desde o diálogo e o consenso,

porque o único obxectivo que buscou foi un mercado laboral á carta para os empresarios. Se se derroga, acabaremos co contrato de emprendedores, que contén o despedimento libre ao ano; e o contrato de formación desde os 21 aos 30 anos, do que se aproveitaron moito os empresarios".

Ademais, "recuperaremos o contrato de relevo para dar máis oportunidade aos mozos; a causalidade da contratación e o despedimento; a negociación colectiva, sen a prevalencia do convenio de empresa; e os 45 días por ano no despedimento cun tope de 12 mensualidades".

"Hai que establecer un marco de relacións laborais negociado para implementar un mercado de traballo máis produtivo, máis cualificado e con mellores empregos e salarios", afirmou Pino. "Hoxe non é un día de celebración, senón de lembrar que esta reforma aumentou a pobreza e a desigualdade no noso país".

## A REFORMA DE PENSÍONS DO 2013 NON GARANTE A SUSTENTABILIDADE DO SISTEMA

**Redacción.**- A Unión Xeral de Traballadores insiste na necesidade de incorporar á mesa do Pacto de Toledo a derrogación de toda a reforma realizada en 2013 para evitar que os pensionistas, entre outras cousas, sigan perdendo poder adquisitivo, xa que nunha serie de anos soporarán un recorte moito maior que o anunciado polo presidente da AIReF, José Luis Escrivá. E que podería alcanzar ata o 50% nas súas pensións. Por cada 10 anos de esperanza de vida os pensionistas perderán un 20% do poder adquisitivo.

O sindicato reitera a coincidencia con Escrivá que, na Comisión do Pacto de Toledo, manifestou que era necesario canto antes aumentar os ingresos do sistema de Seguridade Social, algo que o sindicato reclama insistentemente.

Con respecto ao déficit, a Unión Xeral de Traballadores lembra que xa presentou

propostas para reducir e mesmo e achegar un superávit no sistema, propostas que deberían incorporarse ao debate:

-Acabar coas bonificacións á contratación das empresas con cargo á Seguridade Social. Desde 2014, o Goberno foi aumentando o orzamento destinado a estas bonificacións en máis de 400 millóns de euros, e as reducións en cotizacións sociais en máis de 200 millóns de euros entre 2015 e 2016. Para este ano destínanse entre bonificacións e reducións ás cotizacións sociais máis de 3.700 millóns de euros que supoñen unha transferencia de renda ás empresas desde a caixa da Seguridade Social.

-Financiar os gastos en materia de Seguridade Social do Ministerio desde os Orzamentos Xerais do Estado, como o resto dos ministerios.



-Destapar as bases de cotización. Para UGT, é inxusto que anualmente o sistema de bases de cotización e pensión máxima establecidos deixen millóns sen cotizar. Con iso, cada ano rexístranse máis de 26.000 millóns de euros de bases salariais sen cotizar que, segundo estimacións do sindicato, supoñerían unha achega ao sistema de 7.735 millóns de euros adicionais.

Con estas tres medidas, a Seguridade Social tería ingresado en 2016 uns 15.500 millóns de euros máis, cifra próxima ao déficit do sistema no último ano.

## NOVAS MOBILIZACIÓNS PARA DEFENDER OS DEREITOS DAS PERSOAS

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, anunciou novas mobilizacións "para defender os dereitos da poboación deste país. É a hora das persoas, de que pensemos en rescatalas porque están a pagar de maneira moi directa unha crise que eles non provocaron".

"O discurso de que non hai diñeiro xa non llo cre ninguén. Para as persoas non hai diñeiro pero para rescatar aos bancos ou as autoestradas si que o hai. Iremos combinar a mobilización coa negociación para reverter estas políticas porque isto levounos xa a que se visualicen as nosas reivindicacións no Congreso e se aproben leis que axudan aos cidadáns", sinalou.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións previas a unha asemblea de delegados e delegadas onde considerou que "estamos nun momento complexo, cun Goberno en minoría no Parlamento que cre que pode facer o mesmo que cando tiña maioría absoluta. Das tres mesas de negociación que se comprometeu a abrir na reunión que mantivemos con el, só hai unha posta en marcha, a do Pacto de Toledo, sen ningún avance".

Neste sentido, manifestou que o Executivo "está empeñado en centrar

os debates en consolidar esta situación de recorte das pensións, que non imos avalar. As pensións deben revalorizarse en base ao IPC previsto e con cláusula de revisión porque, senón, os pensionistas perderán poder adquisitivo".

"Este país non ten un problema de gasto, senón de ingresos", lembrou. "Os ingresos mellóranse subindo os salarios. Máis de 6 millóns de traballadores están por baixo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI). Ademais, a negociación colectiva está parada. A patronal fíxonos unha proposta inaceptable que limita a capacidade de poder adquisitivo e impide a creación de emprego pola vía do consumo interno. Por iso, esiximos á patronal que se volva a sentar na mesa de negociación con propostas que teñan que ver coa riqueza que se está xerando neste país, onde as empresas obteñen beneficios importantes que hai que repartir".

O secretario xeral de UGT avogou



tamén por "derrogar a reforma laboral cun acordo coa patronal. Se non é posible, o Parlamento, a través dos grupos políticos que deron o seu apoio ás 20 actuacións debe cambiala artigo por artigo; por implementar xa a prestación de ingresos mínimos, a pesar dos argumentos impresentables e sen respecto a máis de 700.000 fogares por parte dos deputados do PP e de Cidadáns; e pola necesidade de que levemos adiante un Pacto de Estado pola Enerxía, porque, se seguimos prescindindo das nosas fontes de enerxía, como o carbón, nun futuro podemos ter un problema non só de prezo, senón tamén de abastecemento polas malas decisións do Goberno".

## UGT ESIXE A NACIONALIDADE PARA FILLOS E NETOS DE ESPAÑOIS

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores considera que a tramitación da proposición de lei presentada no Congreso en materia de concesión da nacionalidade española aos descendentes nados no estranxeiro de españois supón un paso máis para resolver á situación de fillos e netos que non puideron acceder á nacionalidade española no proceso aberto pola Lei 52/2007 e que terminou o 27 de decembro de 2011.

O sindicato valora que o Congreso aborde esta reivindicación histórica deste colectivo, que viu como a lei de 2007 permitiu acceder á nacionalidade española só a unha parte dos fillos e netos de pais ou nais españois pero que, debido aos requisitos da lei e as normas de desenvolvemento, deixou a numerosos descendentes sen a posibili-



dade de acceder á nacionalidade española.

Agora o Goberno ten de prazo ata o 7 de marzo para trasladar ao Congreso o seu criterio sobre a Proposición de Lei. Para UGT, a trami-

tación desta norma supoñería un recoñecemento a este colectivo con independencia de que os ascendentes perdesen a nacionalidade, un suposto frecuente no caso das mulleres españolas casadas con estranxeiros.

# AS MULLERES ACHEGAN MÁIS DO SEU SALARIO QUE OS HOMES Á CESTA DA COMPRA

**Redacción.-** As mulleres europeas reciben salarios máis baixos que os homes en todos os países da UE e na maior parte dos sectores, o que fai que a mesma cesta da compra sexa máis custosa para as mulleres que para os homes. Dun total de 21 países da UE, España ocupa o sétimo peor posto nesta brecha entre mulleres e homes na cesta da compra. UGT reitera que é necesario aprobar e facer efectiva unha Lei de Igualdade Salarial.

As mulleres europeas reciben salarios máis baixos que os homes en todos os países da UE e na maior parte dos sectores, o que fai que a mesma cesta da compra sexa máis custosa para as mulleres que para os homes. Unha realidade que se dá en toda Europa e da que, por suposto, o noso país non é alleo. Así, a porcentaxe de salario que dedican as mulleres á alimentación é maior que a que destinan os homes, segundo unha análise comparativa realizada por UGT sobre unha cesta da compra en varios de países da UE.

En Bulgaria, a cesta da compra supón o 30,62% do salario mensual das mulleres, mentres que para os homes supón o 26,62%. En España, as mulleres destinan un 9,81% do seu salario á cesta da compra fronte ao 8,21% do salario que destinan os homes a este fin. Ademais, esta brecha é superior en función do sector no que se traballa e de cada posto de traballo e dispararíase se, ademais de ter en conta a alimentación, incluísemos outros gastos esenciais, como a vivenda, a luz, o gas, o vestido, o transporte e outros gastos de primeira necesidade.

Doutra banda, tendo en conta a porcentaxe de brecha entre mulleres e homes na cesta da compra mensual, España ocupa o sétimo peor posto, dun total de 21 países da UE.

Pero máis aló da brecha salarial entre homes e mulleres, os salarios en España están moi por baixo dos salarios medios da UE e moi afastados dos salarios do norte, do centro e do sur de Europa. Só estamos por diante de Portugal e dos Países do Leste de Europa.

Comparando a brecha salarial por sectores de España respecto da UE o Informe de UGT conclúe:

En practicamente todos os sectores da UE prodúcese a brecha salarial.

A brecha máis alta de todos os secto-

res en España afecta ó Comercio ao por maior e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (cun 22,63%). Con todo, no conxunto da UE a maior brecha dáse nas Actividades Financeiras e de Seguros (Cun 34,91%).

O sector da hostalería é onde hai maior coincidencia de brechas entre España e a UE (13,08% e 13,72%, respectivamente)

Outras conclusións sobre a comparativa de brechas salariais por sectores entre España e Europa son:

## Industria manufacturera

A brecha salarial media europea é moi elevada (32,10%). Este sector é o que agrupa a maior número de persoas en toda a Unión Europea (preto de 34 millóns de persoas, das que dez millóns son mulleres). En España o medio millón de mulleres que traballan neste sector soportan unha brecha salarial do 19,41 %.

## Industrias extractivas

Das 835.800 persoas que traballan no sector, a presenza de mulleres apenas chega ao 12% en toda Europa. A brecha salarial media da Unión Europea dos 28 sitúase no 6,94 % e cuadruplicase no caso de Estonia. En España, apenas 3.500 mulleres traballan neste sector e, neste caso, os seus salarios son superiores nun 10,5% ao dos homes.

## Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

A brecha salarial no noso país é dun 16,63 %, supera o 15,82 % da media europea. O emprego das mulleres en toda Europa para esta actividade non supera os 400.000 postos de traballo. O con-

## La brecha salarial también en la cesta de la compra



Las mujeres destinan un 9,81% de su salario a llenar la misma cesta de la compra, los hombres el 8,21%

España ocupa el séptimo peor puesto, de un total de 21 países de la UE

xunto dos postos de traballo, neste sector, en España sitúase ao redor dos 100.000 empregos, dos que 24.400 desempañanos mulleres. Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación

Os traballadores en España neste sector cobran de media o 44,40% do salario que reciben os traballadores deste sector en Dinamarca. E as mulleres reciben só o 41,82 % do salario que percibirían as mulleres danesas. A brecha en España é do 13,50 %.

## Construcción

É un dos sectores onde máis oscila a brecha salarial segundo os países. En Irlanda é do 31,24 %, en Reino Unido a brecha salarial é do 25,56%. A brecha en España é do -2,16 %, que é a porcentaxe que cobran de media máis as mulleres que os homes.

## Comercio ao por maior, por menor e reparación de vehículos e motocicletas

Unha muller en Suecia recibirá ao mes 3.360 euros de media, 9 veces máis que unha traballadora en Bulgaria que recibe 372 euros e máis do dobre que unha traballadora en España que recibe 1.504 euros. En España, este sector presenta a brecha máis alta de todos os sectores, o 22,63 %.



## Transportes e almacenamento

A brecha salarial é amplísima, oscila desde o 31,99 % de Chipre ao 18,4 % a favor das mulleres en Portugal. España ocupa o oitavo lugar en porcentaxe de brecha máis elevada, co 12,89 %.

## Hostalería

É o sector onde se rexistran os salarios máis baixos en toda a UE. No caso das mulleres a situación agrávase. A brecha salarial máis baixa dáse en Romanía cun 3,91% (as mulleres reciben soamente 295 euros mensuais, fronte aos 307 euros ao mes que perciben os homes). A brecha máis alta prodúcese en Estonia, cunha brecha do 20,8 %. En España a brecha é do 13,08 %, é moi próxima á brecha media europea, do 13,72 %.

## Información e comunicación

É un dos sectores cos salarios máis altos da Unión Europea para as mulleres e o segundo máis elevado para os homes, cunha brecha salarial entre uns e outras de 21,83 %. En España a brecha neste sector é menor, redúcese ata o 14,51 %.

## Actividades financeiras e de seguros

É o sector mellor retribuído, para homes e mulleres, pero tamén onde hai maior brecha salarial. De media, na UE, a diferenza entre homes e mulleres é do 34,91%. No noso país a brecha salarial é do 18,17%.

## Actividades Inmobiliarias

A brecha salarial varía moito duns países a outros. En Eslovenia, por exemplo, as mulleres perciben un 4,67% de salario máis que os homes, pero en Austria é ao revés. Os homes perciben un 28,70% máis que as mulleres. En España a brecha é do 19,10%, a oitava máis alta. Neste sector no noso país traballan máis mulleres que homes, en concreto o 55%.

## Actividades especializadas, científicas e técnicas

Dos 18 sectores analizados este é o segundo onde os homes perciben os salarios máis altos e o cuarto en canto a mellores salarios para as mulleres. Neste sector, onde se esixe formación superior, o salario medio das mulleres na Unión Europea é de 2.882 euros e o dos homes alcanza os 4.001 euros. A brecha salarial sitúase no 27,97% e en España a brecha é do 20,64%. Case a metade dos empregos en Europa en este corresponde ás mulleres (cun 47,35% de ocupación).

## Actividades administrativas e servizos auxiliares

No noso país estas actividades están desempeñadas nun 55 % por mulleres. As retribucións destes sectores son os segundos máis baixos tanto para homes como para mulleres en toda a Unión Europea. Se a brecha salarial media no conxunto da Unión Europea é do 11,40%, en España ascende ao 16,85%.

## Administración pública

Dos preto de 15 millóns de empregos na UE, aproximadamente 7 millóns son ocupados por mulleres, algo máis do 46%. A brecha media europea alcanza o 16,54 %, moi elevada tratándose de emprego ao que se accede en igualdade de condicións. Só explicada por unha promoción que responde á libre designación e non ao mérito e capacidade. No noso país a brecha salarial redúcese ata o 6,94%.

## Ensino

É o quinto sector dos 18 analizados mellor retribuído no caso das mulleres e o sexto no caso dos homes. Os salarios medios das mulleres no conxunto da Unión Europea son de 2.477 euros mensuais e os dos homes de 3.116 euros, unha diferenza entre unhas e outros do 20,51%. En España a brecha redúcese

ata o 9,22% e tamén ven reducidos os salarios por baixo da media europea, percibindo as mulleres contías medias de 2.068 euros e os homes de 2.278 euros.

## Actividades sanitarias e de servizos sociais

Ocupan máis do 10% do volume de traballo da Unión Europea, é o terceiro sector de actividade que concentra un maior volume de traballo. Sendo o primeiro, a Industria Manufactureira (15 %) e o segundo o Comercio (14,15 %). O 79 % dos empregos asociados a estes sectores están desempeñados por mulleres. A brecha salarial do conxunto da Unión Europea sitúase no 22,34%, a de España é un pouco superior, alcanzando o 22,54%.

## Actividades artísticas, recreativas e de entretemento

Os salarios que perciben as mulleres neste sector oscilan desde os 312 euros de Bulgaria aos 3.302 euros en Dinamarca. En España as mulleres reciben 1.663 euros, fronte aos 2.027 euros que reciben os traballadores nestas actividades. No noso país a brecha é do 17,96%, a medio camiño entre o 2,05% de Bélxica e o 69,29% de Chipre, a máis alta de todas as brechas salariais entre mulleres e homes analizadas.

## Outros servizos

O 66% dos empregos son desempeñados por mulleres. Seguindo a tendencia da maioría dos sectores, os salarios máis altos danse en Dinamarca e os máis baixos en Bulgaria. Así, o que cobra ao mes unha muller en Dinamarca, é o que cobra en 13 meses unha muller en Bulgaria. No caso dos homes esta diferenza aumenta a catorce meses e medio. Pero fóra de Letonia os homes cobran máis que as mulleres en todos os países da Unión Europea. Nun 13,95 % sitúase a brecha en España para ese grupo de sectores.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

## CENTOS DE DELEGADOS DA ÁREA PÚBLICA DE UGT E CCOO DENUNCIAN DIANTE DO PARLAMENTO GALEGO A AUSENCIA DE NEGOCIACIÓN DA XUNTA E DEMANDAN A RECUPERACIÓN DOS DEREITOS ROUBADOS

**Redacción.-** A pesar da forte choiva que caía este luns en Compostela, foron moitos os delegados da área pública de UGT e CCOO, varios centos, os que se concentraron durante máis dunha hora diante do Parlamento de Galicia para demandar a recuperación dos dereitos roubados nestes últimos anos de crise e denunciar a ausencia de negociación da Xunta neste senso.

Esta nova mobilización enmárcase na campaña “Servizos públicos. Recuperación de dereitos roubados” que ambos sindicatos están a desenvolver en Galicia xa dende o mes pasado e que afecta a ensino, sanidade e Administración autonómica. Lembrar que xa tivo lugar outra concentración similar diante do Pazo do Hórreo o pasado día 25 de xaneiro, o día 31 convocáronse tamén concentracións nas catro sedes provinciais da Xunta e o 1 de febreiro foi a explanada do Sergas a que acolleu unha mobilización para demandar a recuperación dos acordos conxelados dentro do eido da sanidade pública galega.

Segundo a Xunta de Galicia, este sería o ano da recuperación, tras máis de oito anos de recortes de dereitos, rebaixas salariais, destrución de emprego, privatización de servizos e sacrificios sen fin. Non obstante, o certo é que os Orzamentos autonómicos para 2017 son máis do mesmo.

A Lei 1/2012, de medidas temporais, prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos, contemplaba que a súa aplicación decaería coa mellora da situación económica de Galicia. En 2016 os datos publicitados pola Xunta confirman a mellora, polo

que é obrigado devolver ás empregadas e empregados públicos os “dereitos roubados”.

A Xunta de Galicia convocou una Mesa xeral como mera formalidade que vulnera o dereito a negociación colectiva, procedendo UGT e CCOO a presentar recurso solicitando que se declare a convocatoria contraria a dereito, que se anule e se indemnice na contía dun euro ás organizacións sindicais.

Ambos sindicatos insisten en que o proxecto de orzamentos para o ano 2017 non contempla a recuperación de dereitos, nin incremento salarial, nin supresión de taxas de reposición e, ademais, acompaña-se dun proxecto de Lei de medidas de contrarforma da Lei do emprego público de Galicia que nalgúns casos vulnera pactos e acordos coas organizacións sindicais.

UGT demanda que os Orzamentos de 2017 habiliten un proceso de negociación para a recuperación de dereitos roubados:

\*Eliminación da taxa de reposición.

\*Ofertas excepcionais de emprego en sanidade, ensino, Administración xeral e laborais.

\*Recuperación real e efectiva do poder



adquisitivo.

\*Aplicación do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, na súa totalidade.

\*Concursos de traslados, de xeito sistemático e continuo, en toda a Administración autonómica.

\*Recuperación de pactos e acordos suspendidos.

\*Recuperación de dereitos suspendidos (IT, acción social, dereitos sindicais...).

\*Estudo e tratamento da repercusión das sentenzas do TXUE sobre o traballo de duración determinada e a aplicación das mesmas.

Isto foi o que centos de delegados da área pública de UGT e CCOO demandaron este luns na concentración que protagonizaron diante do Pazo do Hórreo en Santiago.

### CONVOCADA UNHA CONCENTRACIÓN HOXE EN VIGO

## FEPMC DEMANDA QUE INDITEX APLIQUE EN TODAS AS PROVINCIAS AS MELLORAS PACTADAS EN A CORUÑA

**Redacción.-** FePMC-UGT, xunto con CCOO e CIG, convocan unha concentración para hoxe ás 18.00 horas fronte ao Museo Marco en Vigo como mostra de apoio aos traballadores de Inditex e para demandar á dirección da empresa que abra mesas de negociación en todas as cadeas co fin de que se lles apliquen en todas as provincias unha serie de melloras laborais que só foron pactadas cos empregados que a firma téxtil ten en A Coruña.



**CRITICAN A FALTA DE IMPLICACIÓN E INTERESE DAS ADMINISTRACIÓNS CUNHA EMPRESA QUE ESTÁ EN SITUACIÓN DE CONCURSO PERO QUE A DÍA DE HOXE TEN PLENA CARGA DE TRABAJO**

## **OS TRABALLADORES DE INGEMARGA PIDEN QUE SE LLES PAGUEN OS SALARIOS E PAGAS QUE SE LLES DEBEN E NON DESCARTAN CONVOCAR UNHA FOLGA**

**Redacción.-** Os traballadores de planta que Ingemarga ten en Guitiriz denuncian a situación que están a atravesar co impago xa de dúas nóminas e, por elo, 120 familias que levan dous meses sen percibir ingresos.

O responsable de MCA en Lugo, Carlos García, explicou que Ingemarga atópase a día de hoxe en situación de concurso, aínda que cunha carga plena de traballo que, ás veces, incluso supera a capacidade da propia plantilla. Non obs-

tante, tensións de tesourería e falta de liquidez están a provocar a débeda denunciada. Nesta conxuntura, os traballadores solicitan que sexa o fondo de garantía salarial o que asuma o que se lles adeuda ante, segundo parece, a incapacidade para conseguir xa unha liña de crédito que desbloquee a situación.

Neste punto, os traballadores tamén denuncian a afalta de interese e implicación por parte das administracións, tanto da local, como da provin-

cial e da propia Xunta de Galicia cunha empresa moi importante para a comarca, con 120 postos de traballo, con plena carga de traballo pero á que non se lle busca unha saída.

A presión que se está a exercer sobre os traballadores, cos impagos continuos, podería provocar en vindeiras datas a convocatoria dunha folga. De feito, o vindeiro luns está convocada unha asemblea na que os traballadores estudarán esta e outras posibles saídas.

## **FOLGA DA ESTIBA E DESESTIBA**

**Redacción.-** UGT, xunto con CCOO, CIG e CGT, convocan folga nas actividades de estiba e desestiba en todos os portos españois dos días 20 ao 24 de febreiro.

Dende FeSMC explican que esta folga é consecuencia da incidencia abrupta do Ministerio de Fomento no proceso de negociación e a falta de ratificación, do acordo sobre a reforma legal da estiba do 24 de xaneiro de 2017, negociado entre Asociación Nacional de Empresas Estibadoras e Consignatarias de Buques e os sindicatos convocantes da folga.

A orixe don conflito está nunha sentenza do 11 de decembro de 2014 do TXUE que obriga a España a modificar a lexislación portuaria. Transcurridos máis de dous anos desta data e despois de moitas voltas e a inoperatividade do Goberno para poñela en marcha, agora pretende impoñer un novo modelo que pasa por:

\*Os contratos indefinidos da totalidade de estibadores portuarios convértese en postos de traballo precarios pendentes de contratación polas empresas estibadoras.

\*As empresas estibadoras dispoñerán dun período de tres anos durante o que estarán obrigadas a seguir contratando ao 75, 50 e 25%, respectivamente durante o primeiro, segundo e terceiro ano, dos estibadores portuarios das SAGEP (Sociedades anónimas de xestión de traballadores portuarios). Iso significa que as empresas poderán substituír, libremente, a un 25, 50 e 75% durante os tres próximos anos aos actuais traballadores portuarios.

\*Á finalización do indicado período, os



traballadores non contratados "ex novo" serán despedidos colectivamente cuxas indemnizacións, ata 2104, realizaranse con cargo aos recursos públicos das respectivas Autoridades Portuarias.

A gravidade da "alternativa" do Ministerio, que supón un despedimento xeneralizado e a apertura dun novo proceso de selección e contratación libre de todo o persoal da estiba portuaria, de ningún xeito derivase dunha esixencia da sentenza do TXUE, senón unha opción política que profunda na precariedade e desregulación laboral, ao amparo de argumentos mezzquinos sobre supostas condicións de privilexio laboral que, en realidade, só ten o propósito e a finalidade de incrementar a riqueza dos operadores portuarios e, de ningún xeito, beneficiar aos consumidores españois.

Como expresión lexislativa do enfraquecemento da parte social na negociación colectiva, os representantes do Ministerio informaron que o novo Real Decreto-Lei tería que incorporar -por "mandato" de Bruxelas- unha disposición sobre os límites e alcance da negociación colectiva no sector portuario. Ao parecer, os principios liberais da igualdade e liberdade das partes na negociación poden ser alterados a favor do empresariado, cando a relación é equilibrada. Nos portos, os traballadores non poderán negociar libremente as condicións de traballo.

## **UAAA esixe a Industria sancións contra as eléctricas polo abandono dos usuarios do rural**

**Redacción.-** UAAA esixe á Consellería de Industria que actúe contra o abandono descarado e impresentable ao que están a someter aos habitantes do medio rural de Galicia. Despois de varios días, xa rematados os temporais, moitas explotacións das provincias de Pontevedra, Coruña e, sobre todo, Lugo, seguían sen poder normalizar as súas actividades diarias pola ausencia de electricidade ou polos reiterados cortes no abastecemento.

Non caben máis explicacións para a actitude das eléctricas que o desprezo para os usuarios que viven e traballan no rural galego. Primeiro, pola falta de mantemento dos últimos anos, bastaba mirar a falta de limpeza de árbores nos pasos de liña que acabaron tirando o tendido. Ademais, o Sindicato lémbrale a Gas Natural Fenosa que as granxas teñen que pagarse do seu peto o tendido posto que están fóra de núcleos urbanos, polo que deberían tratalos coa mesma prioridade que ás naves dos polígonos industriais aos que si lles están a resolver os cortes.

Tamén urxe que a Xunta habilite de xeito inmediato unha liña de axudas para tratar de paliar os danos dos temporais que teñen un nivel altísimo de afectación nos equipamentos gandeiros e agrícolas.